



# SONRAIDER

## 5ª PROBA DA LIGA GALEGA DE RAID DE ORIENTACIÓN

03 de outubro de 2015

ORGANIZA

ASOCIACIÓN DEPORTIVA E CULTURAL ARNELA

CONCELLO DE PORTO DO SON



## ▲ Datos xerais:

**Data:** Sábado 03 de outubro de 2015

**Horario:** 09:00.- Apertura de Secretaría.

10:00.- Saída en masa de tódolos participantes.

19:00.- Peche de meta.

20:00.- Pinchos fin de carreira

**Mapas:** Mapas topográficos IGN escala 1:25.000

Mapas de Orientación específica escala 1:10.000

Mapa de OBM escala 1:15.000

**Como chegar:** A vila de Porto do Son atópase na ría de Muros e Noia entre as localidades de Noia e Santa Uxía de Ribeira. Para chegar a nosa vila, podedes acceder, si se viaxa desde a zona Sur, pola autovía do Barbanza (AG-11) ata a localidade de Ribeira e, desde alí, coller dirección N pola AC-550. Tamén, accedendo desde a zona de Santiago, a través da Autovía de Brión (AG-56), que logo se transforma no corredor de Noia (CG-1.5).

**Características:** O concello de Porto do Son está situada a beira do mar e franqueado pola outra banda, pola Serra do Barbanza e as súas estribacións. Polo tanto, o desnivel vai a ser un elemento que vai a estar presente na maioría das seccións desta competición. Aínda sen ter unhas grandes altitudes, toda a zona esta condicionada pola presenza de ladeiras moi preto do mar, que van a afectar practicamente a tódalas seccións.

## ▲ Disciplinas:

Trekking, orientación a pe, btt, orientación en bicicleta, rapel, kaiak de mar.

## ▲ Categorías:

Para participar nunha das categorías oficiais hai que estar en posesión da licenza deportiva de RAID, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación e ter cumpridos 18 anos. Os

participantes que non dispoñan de licencia federativa, deben formalizar unha licencia “de 1 día”, con un custo a maiores na inscrición de 2 €.

Para que un equipo poda puntuar para a Liga Galega de Raids de Orientación, tódolos seus membros teñen que estar en posesión da licencia anual.

Os equipos poden ter formato:

- **ELITE:** 3 compoñentes sempre en competición.
- **AVENTURA:** 2 + 1, dous compoñentes en competición e un reserva-asistencia que poderá substituír a calquera dos seus compañeiros nos puntos indicados pola organización.

### ▲ Regulamentos:

As distintas probas da Liga Galega de Raid de Orientación están suxeitas o estará suxeita ás normas do [Regulamento de Raid de Orientación 2015](#) e as [Normas anuais de Raid 2015](#).

Os equipos clasificaranse atendendo en primeiro lugar ao número de controis válidos e en segundo lugar ao tempo invertido. Este será o total empregado para realizalo raid, menos o tempo das bonificacións máis o das penalizacións.

**Penalizacións:** Algunhas seccións terán un tempo máximo de realización. Superalo implica non realizar a seguinte sección e penalizar a totalidade dos puntos da sección. Non contar co material obrigatorio do raid tamén conleva penalizacións para o equipo.

**Bonificacións:** Os equipos que compitan con compoñentes femininos terán unha bonificación do 5% do tempo real nas seccións que compitan como mixto ou equipo feminino.

### ▲ Inscricións:

Ata as 22 horas do martes 29 de setembro. As inscricións realizaranse a través da plataforma Tracktherace, encargada de realizalo seguimento da proba por GPS. Todo o proceso se realiza desde a súa páxina web (<https://thracktherace.com/es>).

Utilizarase o sistema SportIdent como sistema de control de tempos. Nos datos de inscrición hai que indicar o número da pinza SI de cada participante. A todo aquel que non indique este dato, asignaráselle unha pinza de aluguer, que se deberá coller na zona da secretaría o día da proba. O prezo



do aluguer da pinza SportIdent é de **3 €**, que se sumará a cota de inscrición de cada participante. A perda da pinza suporá o pago do seu custo (**30 €**).

A cota de inscrición por equipo é de **54 €** ata as 22.00 horas do 29 de setembro.

### ▲ Contacto:

Para calquera información con respecto a esta proba, podedes dirixirvos a nosa entidade a través dos seguintes medios:

- MAIL: [adcarnela@gmail.com](mailto:adcarnela@gmail.com)
- WEB: [www.adcarnela.wix.com/web](http://www.adcarnela.wix.com/web)



**COLABORADORES:**

